



Concello de Vigo
Asesoría Xurídica

INFORME DE VALORACIÓN DAS OFERTAS
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR
(SOBRE B)
CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROCURADOR DO CONCELLO DE VIGO

Con data do 20 de novembro do 2015 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o expediente de contratación que co número 9408/111 se promoveu dende a Asesoría Xurídica do Concello de Vigo para o Acordo Marco do que derivarían os contratos para a prestación dos servizos de Procurador/a dos Tribunais para o Concello de Vigo, licitándose por medio de tres lotes.

Publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con data do 30 de novembro do 2015, e no Diario Oficial de Galicia o 1 de decembro do 2015, remitíndose extractos ademais aos colexios oficiais de Madrid, A Coruña e Vigo, para favorecer a concorrência.

O 22 de decembro do 2015 a Mesa de Contratación permanente do Concello de Vigo procedeu á apertura do sobre “A”, de documentación administrativa, co resultado que figura recollido na acta desa sesión do 22 de decembro do 2015, aprobado pola Mesa de contratación o 30 de decembro do 2015.

Excluíuse unha primeira oferta por presentala nun único sobre (dona Monserrat Bermúdez Tasende), mentres que na sesión do 7 de xaneiro do 2016 comprobouse que tódolos licitadores que tiñan que emendar a súa documentación o fixeran, co resultado seguinte;

dona Begoña Millán Iribarren, dona Silvia Barreiro Teijeiro, don Ricardo Estévez Cernadas, dona Maria Santiago Arbones, don Pablo Acosta Padín, don Miguel Pardo de Vera Moreno, dona Maria Dolores Doldán Palacios, e don Eduardo Pardo Collantes procederon á presentación de documentación, con emenda da solvencia. No caso de don Eduardo Pardo Collantes e dona Noelia Núñez López, a segunda non presentou documentación, e o primeiro non acredita a solvencia técnica, polo que procede a súa exclusión tamén do procedemento.

Abertos os sobres da oferta técnica o 7 de xaneiro do 2016, resultan de aplicación os criterios recollidos na cláusula 15ª do PCAP aprobado pola XGL do 20/11/2015:

A) Criterio avaliable mediante xuízo de valor: memoria técnica relativa á proposta de prestación do servizo.

Se valorará con ata 10 puntos, que se distribuirán do seguinte xeito:

1. Medios técnicos que o licitador se comprometa a adscribir á execución dos contratos a maiores dos descritos na cláusula 24.1: se valorará con ata 4 puntos.

Deberá presentarse un listado dos medios técnicos a adscribir á execución do contrato, describindo as características dos mesmos. Eludirase a mención de marcas e modelos identificables.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 25/01/2016 14:49

Páxina 1 de 12

Expediente 9408/111

Código de verificación: 2EEA3-28EA5-E8CED-DD53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



2. Plan de traballo: se valorará con ata 6 puntos.

Incluirase a metodoloxía das tarefas, a súa programación, os medios propostos de coordinación coa Asesoría Xurídica e posibles mecanismos de seguimento, análise, estatística e valoración dos traballos realizados.

Cómpre indicar que non se procedeu á valoración nin á toma en consideración dalgún dos medios técnicos propostos nas ofertas presentadas, posto que na meirande parte das ofertas, ben por falta de experiencia dos licitadores, ben porque con claridade estes medios se ofrecen sendo os mínimos a adscribir segundo os pregos, reproducindo mesmo a orde na que se detallaron nos pregos. Con respecto a elementos técnicos integrantes do software de uso habitual e incluso doméstico (compresores de arquivos, extensións de programas de tratamento de texto, etc.), non se valoran tampouco porque se consideran accesorios do ofrecido con carácter principal. Outro tanto acontece con elementos ofertados e que se consideran necesarios para o cumprimento da práctica profesional do procurador/a, ou esixibles legalmente, como a integración de módulos Lexnet, ou as destructoras de papel en cumprimento da L.O.P.D, etc. Valorouse a descrición e suficiencia dos medios técnicos, así como o detalle das súas características en relación á prestación do servizo.

En canto ao Plan de traballo, tampouco se valora a mera reprodución literal do prego técnico, levado a cabo por algúns dos licitadores. Se pretendía un elemento diferenciador das ofertas, e se acaso, o desenvolvemento ou pormenorización destas obrigas en relación á práctica profesional do procurador/a e o que se lle oferta aos servizos xurídicos do Concello de Vigo. Atendeuse ao valor do exposto, e o método a empregar especificamente con unha Administración Pública, como é a que contrata, por contraposición ao trato con clientes privados, ou despachos de avogados.

Por lotes, o resultado da avaliación das ofertas dos licitadores é a seguinte:

Lote 1

Paula Llorden Fernandez-Cervera (Lote 1)

Neste sobre B presenta unha copia da oferta en formato papel e un disco con datos. Para o primeiro dos apartados, referido aos medios técnicos, e valorable con ata 4 puntos, relaciona nun listado, como se recolle no prego, aqueles equipos a maiores dos esixidos como mínimos a adscribir ao contrato.

a) A tal efecto, se pormenorizan as prestacións da base de datos xurídica da que dispón, con acceso a xurisprudencia, normativa e artigos, así como as funcións da base de xestión do despacho. Os equipos informáticos descritos son; un equipo de sobremesa e dous ordenadores portátiles, así como unha tableta, dúas impresoras e dous discos duros. Correspóndelle neste apartado, polo exposto unha valoración de **3 puntos**.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 25/01/2016 14:49

Páxina 2 de 12

Expediente 9408/111

Código de verificación: 2EEA3-28EA5-E8CED-DD53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Asesoría Xurídica

b) No relativo ao Plan de traballo, comeza indicando a súa conformidade co prego técnico, sendo as prestacións indicadas reprodución case literal das do prego técnico. O conxunto de prestacións que ofrece son as xenéricas establecidas no prego, ao que engade a disposición polo Concello das bases de datos e dos informes, e do programa de xestión. Igualmente se compromete á reciclaxe de material informático e de impresión sobrante. Polo exposto, lle corresponde unha valoración de **2 puntos**.

Total: 5 puntos.

Ramón Cornejo-Molins González (Lote 1)

Este licitador presenta a documentación da súa oferta en dobre formato, impresa en papel e asinada dixital e ológrafa, e tamén en un disco de datos. Dentro da súa oferta presenta documentación acreditativa de atoparse ao corrente de débedas tributarias, e outra documentación relacionada co cumprimento dos requisitos esixidos para contratar, que se ben resultan acreditables nunha fase posterior, e sempre en caso de resultar adxudicatario, incluíu neste sobre B. Documentación que non se ten en conta nin procede valorar en ningún aspecto.

a) En canto aos medios técnicos, valorables con ata 4 puntos, este licitador presenta unha relación de medios adicionais aos mínimos a adscribir ao contrato, respaldados con documentos que acreditan a veracidade e especificacións declaradas na oferta. Destaca a disposición dun dominio propio, ao que acompaña a descripción das vantaxes que supón con respecto á simple disposición dun enderezo de correo electrónico. Como complemento ao anterior, dispón de páxina web en propiedade, da que describe igualmente as características diferenciadoras en relación á posibilidade de envío e descarga de arquivos con peso moi elevado. Esta cuestión, que resulta máis relevante logo da entrada en vigor da modificación da LAC, permitiría resolver problemas específicos desta administración, xa que a remisión de expedientes administrativos completos resulta a día de hoxe, e atendendo ás limitacións da plataforma LEXNET, de uso obrigatorio, moi dificultosa. Este licitador ofrece unha solución na súa oferta operativa vantaxosa para o Concello. Se detallan igualmente as características do software presentado en relación ao control de axenda, con alertas e notificacións por correo electrónico ou sms. Un servidor de correo electrónico con contas de correo ilimitadas por usuarios. E tamén expón que o historial de cada expediente se vincula automaticamente coa axenda do programa e co resto de anotacións propias do mesmo, permitindo un histórico completo de cada asunto. Estas características implican unha puntuación de **3 puntos** neste apartado.

b) Como Plan de traballo este licitador non presenta nin documento separado, nin tampouco un apartado específico. Sen embargo, tampouco se limita a transcribir o prego de prescricións técnicas. A única mención á coordinación co persoal da Asesoría Xurídica é, ademais das posibilidades do software empregado, xa valorado no apartado anterior, o da dispoñibilidade horaria para a recepción e a presentación de escritos pola vía telemática; cun horario moi amplo e que supera os límites da xornada laboral normal do persoal municipal, o que permitiría que en supostos excepcionais de premura, se poidan remitir escritos para a súa presentación tamén fóra

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 25/01/2016 14:49

Páxina 3 de 12

Expediente 9408/111

Código de verificación: 2EEA3-28EA5-E8CED-DD53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



da xornada de traballo dos propios órganos xurisdiccionais. Outórgaselle **un punto** por esta característica á súa oferta.

Total: 4 puntos.

Maria Jesús Nogueira Fos (Lote 1)

Presenta a mesma documentación en papel e un disco de datos. Do mesmo xeito que outros licitadores, incluíu documentación que non tiña que presentar neste momento, e que só se require para a súa presentación no caso de resultar adxudicatario.

a) Como medios técnicos adicionais aos mínimos esixidos, que se valora con ata 4 puntos, engade as características do software de xestión profesional para procuradores, que inclúe características destacables que facilitan o labor de coordinación entre o Concello e o profesional, tales como a integración da base de datos, o control de axenda, o rexistro de comunicacións, ou o historial completo de cada asunto/expediente. A maiores se compromete á adscripción dun ordenador portátil. Por todo isto, correspóndelle **un punto** neste apartado.

b) En canto ao Plan de traballo, detalla a metodoloxía das súas tarefas, definíndoas con fixación do horario de visita diario nas dependencias do Concello para recollida de documentación, o horario límite de remisión dos documentos pola vía telemática e a remisión en papel ao día seguinte do que se reciba pola plataforma LEXNET, entre outros aspectos. O vencemento de prazos o lembrará de forma presencial, e por correo electrónico o día anterior ao vencemento. Tamén pon a disposición permanente do Concello unha base de datos informática dos asuntos encomendados. Considérase que a puntuación que corresponde é de **tres puntos** neste apartado.

Total: 4 puntos.

Jesús González-Puelles Casal (Lote 1)

a) No sobre B, este licitador inclúe un documento dunha folla e un disco con datos, reprodución do anterior. En canto aos medios técnicos a maiores dos mínimos e esixidos, ofrece unha liña máis de telefonía fixa, e dúas máis de móbil, e un enderezo de correo electrónico adicional. Non se pode valorar dentro deste apartado sen embargo, o “servizo informático completo” que manifesta que dispón tamén no seu domicilio, posto que non se detallan mínimamente as características do mesmo (nin do ordenador, escáner ou da impresora). A valoración neste apartado polas liñas telefónicas adicionais e polo enderezo de correo electrónico é de **un punto**. Non se ofrecen características dos programas que emprega, nin da súa posible integración cunha metodoloxía de traballo definida.

b) O Plan de traballo, valorable con ata 6 puntos, pola súa vez, non aparece especificamente desenvolvido, senón que se ofrecen prestacións adicionais ás xa fixadas no PPT (puntos II e

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 25/01/2016 14:49

Páxina 4 de 12

Expediente 9408/111

Código de verificación: 2EEA3-28EA5-E8CED-DD53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Asesoría Xurídica

III). A este respecto destaca a levanza dunha axenda específica para o Concello cun preaviso de cinco días hábiles de remate de prazos, co compromiso de recollida física dos documentos na derradeira franxa horaria da xornada laboral no mesmo día. Estes servizos supoñen **dous puntos** neste apartado.

Total: 3 puntos.

Pablo Acosta Padín (Lote 1)

a) Presenta a documentación coa oferta deste sobre B en dobre formato. Como medios técnicos adicionais aos mínimos da cláusula 24.1 do PCAP, este licitador oferta tres equipos de sobremesa, e tres equipos con función de copiado, escaneado e fax. Asemade, ofrece unha liña adicional fixa e outra de móbil, un enderezo de correo electrónico a maiores do esixido, e un disco duro externo. Este apartado debe valorarse con **dous puntos**. Non se ofrece detalle ningún do software empregado.

b) En canto ao Plan de traballo, se ben se presenta con unha redacción coherente e de acordo coa práctica profesional, non engade nada con respecto ás obrigas e as prestacións do servizo segundo o PPT. Presenta o sistema de traballo propio do despacho, pero carece de elementos de integración e coordinación cos servizos xurídicos municipais. Polo tanto, procede outorgar unha puntuación de **un punto**.

Total: 3 puntos.

Maria Santiago Arbones (Lote 1)

a) Se presenta a oferta en dobre formato, composta por dúas follas. No aspecto valorable dos medios técnicos adicionais aos mínimos da cláusula 24.1 do PCAP, detalla únicamente as características do software empregado no despacho profesional, e mesmo indica que se trata dun programa estándar, ou de que é quen de cumprir coas obrigas recollidas no PPT, pero non desenvolve nin presenta ningunha función adicional ás mínimas esixidas, nin tampouco algunha diferenciadora do que é o software estándar, que era o pretendido e valorable neste apartado. Non procede outra puntuación que **cero puntos**.

b) En canto ao Plan de traballo, non se explica cal é a metodoloxía seguida, nin tampouco a coordinación cos servizos xurídicos municipais, como se solicitaba no prego técnico. Resulta imposible inserir o método seguido no despacho, polo cal corresponden **cero puntos**.

Total: 0 puntos.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 25/01/2016 14:49

Páxina 5 de 12

Expediente 9408/111

Código de verificación: 2EEA3-28EA5-E8CED-DD53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**Maria Dolores Doldán Palacios (Lote 1)**

A oferta que presenta componse por unha folla, na que non se fai mención algunha ao Plan de traballo, e só se recolle un listado de medios técnicos, apartado a valorar con ata 4 puntos.

a) Comoqueira que os sinalados son os mínimos, e non se indica do seu punto “3.- Equipos informáticos actualizados” o seu número nin características, e do programa de xestión informático tampouco se detalla unha relación mínima de prestacións, non procede outorgarlle puntuación neste apartado, correspondéndolle **cero puntos**.

b) Como se expuxo, non existe descripción do Plan de traballo, polo que corresponden **cero puntos** a este apartado.

Total: 0 puntos.

Ricardo Estévez Cernadas (Lote 1)

No sobre B, onde se debía incluír o documento valorable no punto A) da cláusula 15ª do PCAP, como Memoria técnica, presenta documentación relacionada por medio dun índice, pero que en ningún caso é comprensiva do que se debía de presentar para valoración.

Preséntase unha fotocopia do DNI, o xustificante de atoparse colexiado no Colexio de Procuradores de Vigo, unha copia da declaración do IRPF do exercicio 2014, unha copia da póliza do seguro de responsabilidade civil, e un certificado da Axencia Tributaria -estatal- conforme se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias.

Dentro do sobre inclúe un soporte de datos, que consultado contén a mesma documentación que a presentada en formato físico.

De conformidade co criterio de valoración establecido no prego para este sobre B, avaliable mediante xuízo de valor, correspóndelle unha puntuación de 0 puntos, xa que non se detalla en absoluto, nin resulta posible inserir un plan de traballo nin tampouco os medios técnicos propostos, de ser o caso, para a prestación do servizo.

Total: 0 puntos.

Lote 2**Juan Lage Fernández-Cervera (Lote 2)**

Presenta un disco de datos e un documento, no que se recolle unha breve introducción, e a descripción dos medios técnicos e o plan de traballo. Concorre nesta oferta, sen embargo, unha

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 25/01/2016 14:49

Páxina 6 de 12

Expediente 9408/111

Código de verificación: 2EEA3-28EA5-E8CED-DD53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Asesoría Xurídica

causa de exclusión.

Ao remate deste documento, na parte relativa á presentación e desenvolvemento do Plan de traballo, adianta a porcentaxe de rebaixa na minuta que ofrece, cuestión que claramente supón desvelar o contido da súa proposición económica. Esta circunstancia resulta máis grave por canto a porcentaxe de rebaixa, como se expuxo dende o comezo deste expediente, resulta ser o único parámetro no que a liberdade de pactos pode operar en relación ao prezo dunha actividade profesional tan regulada como a da procura. O artigo 145 do TRLCSP é claro, e as interpretacións ofrecidas polos diferentes órganos consultivos en materia de contratación pública tamén. En síntese, coa existencia da presentación en sobres separados das ofertas valorables en fases diferentes e por medio de criterios diferentes, cúmprese co principio de igualdade de trato.

Esta evidente infracción do principio de igualdade de trato, se produce se ao valorar esta oferta sen coñecer o dato que ofrezan o resto de licitadores, inflúe na valoración da oferta técnica, avaliable mediante un xuízo de valor. O resto de licitadores si se suxeitan aos pregos, e non inclúen este dato no sobre B, polo que as súas ofertas se poden valorar en igualdade de condicións. Neste caso esta actuación vulnerou -semella que inconscientemente- o segredo das proposicións e influiría na valoración desta oferta, polo que procede a súa exclusión, de conformidade co artigo anteriormente citado, e resolucións como o Acordo 5/2015, do 3 de xaneiro, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Navarra, o Informe 68/08, do 2 de decembro, e 43/02, do 17 de decembro da Junta Consultiva de Contratación Administrativa estatal, a Resolución 120/2012, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid, ou a Resolución 114/2012, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales.

Propónselle á Mesa de Contratación permanente do Concello de Vigo a **exclusión** deste licitador.

Juan Antonio Garrido Pardo (Lote 2)

a) Este licitador presenta no sobre unha oferta en dobre formato, dun xeito claro e sistemático, con total suxeición aos pregos, e que no relativo aos medios técnicos, valorables con ata 4 puntos, engade dous equipos máis de sobremesa, con especificacións e prestacións adecuadas ao servizo, unha tableta, e dous equipos multifunción. Detalla as características do software empregado, con prestacións semellantes ás ofrecidas por outros licitadores; acceso remoto, control de axenda e notificacións, facturación centralizada, acceso a Lexnet integrado, etc. Esta oferta conleva neste apartado unha valoración de **3 puntos**.

b) O Plan de traballo presentado é moi sistemático, posto que baixo cada un dos apartados transcritos do PPT, en canto ás obrigas e condicións de prestación do servizo, desenvolve estes puntos moi satisfactoriamente, con compromisos de información previamente ao cómputo do prazo da notificación, ofrecendo un servizo de transmisión de arquivos para os que sexan moi

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 25/01/2016 14:49

Páxina 7 de 12

Expediente 9408/111

Código de verificación: 2EEA3-28EA5-E8CED-DD53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



pesados -ou de mensaxería en caso de formato incompatible-. A maiores dos recordatorios fixados no prego, engade o telefónico para garantir o cumprimento. Oferta un trato de preferencia aos letrados do Concello de Vigo en caso de coincidencia de sinalamentos no mesmo día. Tamén ofrece a creación de informes por medio do programa de xestión e arquivos coas actuacións procesuais de cada asunto.

A valoración do anterior apartado exposto polo profesional e de acordo con este criterio de valoración é de **5 puntos**.

Total: 8 puntos.

Begoña Millán Iribarren (Lote 2)

Esta profesional presenta unicamente a oferta en formato físico, composto por un documento de 4 follas cunha proposta moi ben desenvolvida, coherente co esixido e que non supón unha reprodución das obrigas nin da relación de servizos a prestar que se establecen como obrigatorios no PPT.

a) No relativo aos medios técnicos a adscribir á prestación do servizo, a maiores dos esixidos, relaciona dun xeito claro aqueles dos que dispón, resultando un equipo técnico solvente e axeitado ás necesidades de prestación do servizo. Oferta catro equipos informáticos dependentes dun servidor principal (que sería o mínimo a adscribir), con características de accesibilidade e seguridade valorables, así como dous escáneres e un disco duro adicional. Unha liña de telefonía fixa e outra de móbil a maiores das esixidas, e unha ampla capacidade de arquivo en formato físico dos expedientes xerados por encargos do Concello de Vigo, que superarían en todo caso a obriga do punto III 7) do PPT. A puntuación neste apartado é de **tres puntos**.

b) En canto ao Plan de traballo, se detalla o horario de atención aos letrados cunha ampla dispoñibilidade -incluíndo tardes ata as 18:00 horas-, cun momento diario para a recepción e distribución das notificacións telemáticas. Resulta conforme ás necesidades dos servizos xurídicos do Concello de Vigo igualmente a dispoñibilidade por parte dos letrados municipais ao estado das actuacións a través da páxina web do despacho. Dispoñibilidade que se ofrece por medio de contrasinal para o seu uso 24 horas/ 365 días. Ofrecese unha alerta cada venres pola mañá dos prazos e vencementos da semana seguinte. Tamén se compromete á entrega por servizo de mensaxería da documentación ou soportes cd dos expedientes administrativos, copias de demandas, etc., con plena implantación da dixitalización dos traballos nese despacho. A este apartado se lle outorgan **catro puntos**.

Total: 7 puntos.

Miguel Pardo de Vera Moreno (Lote 2)

Presenta un disco de datos coa mesma información que a impresa. O documento contén un índice e unha presentación na que resume a traxectoria do despacho, e relaciona os membros

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 25/01/2016 14:49

Páxina 8 de 12

Expediente 9408/111

Código de verificación: 2EEA3-28EA5-E8CED-DD53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Asesoría Xurídica

que o integran (presenta unha Oficial con habilitación, pero sen desenvolver a importancia que podería presentar para o traballo).

a) No relativo aos medios técnicos que supoñen unha valoración de ata 4 puntos, describe aqueles que adscribe á execución do contrato. Non se valoran os que se comprometen a maiores da cláusula 24.1 do PCAP. A tal efecto, este licitador únicamente aportaría a maiores do esixido un sistema de arquivo da documentación e base de datos -xestionados pola mesma ferramenta informática-, que centraliza e facilita a xestión do traballo propio da profesión. Desenvólvese moi satisfactoriamente o conxunto de prestacións deste software, e non supón tampouco no apartado do arquivo, valorar a obriga recollida no punto III. 7) do PPT, ao conter prestacións diferenciadas ás xenéricas. As ferramentas de busca, anexo de documentación, control contable, acceso remoto por parte dos letrados, estado dos asuntos, etc., por parte deste programa, implican un valor engadido merecedor de **tres puntos** a este apartado.

b) En canto ao Plan de traballo, valorable con ata 6 puntos, aporta as seguintes notas. Comprométese á dixitalización completa dos expedientes, á publicación de editos e mandamentos nos boletíns oficiais e outros medios de publicidade, ou a remisión dunha axenda semanal de sinalamentos ao letrado, como prestacións diferenciadas e/ou a maiores das recollidas nos puntos II e III do PPT. No relativo á memoria-informe a presentar segundo PPT, nada engade a maiores e mesmo reproduce literalmente o contido do prego. Polas razóns expostas, e malia a boa exposición do Plan de traballo en global, a valoración neste apartado non pode ser superior a **3 puntos**.

Total: 6 puntos.

Jose Antonio Castro Bugallo (Lote 2)

a) Licitador que presenta en dobre formato a súa oferta. En canto aos medios técnicos valorables con ata 4 puntos, manifesta que adscribe á prestación do servizo 4 ordenadores fixos, un disco duro externo, dous escáner, 3 liñas adicionais fixas e software, do que sen embargo, non detalla as características polo miúdo, ou un catálogo de funcións, o que impide a súa valoración. Este apartado merece **dous puntos**, pola adscripción dun número de equipos informáticos superiores aos esixidos.

b) No relativo ao Plan de traballo, reproduce o contido do PPT, engadindo só ao remate do documento (folla 3) algunha aportación a maiores, que sen embargo, carece de relevancia suficiente como para unha puntuación adicional a un punto neste apartado. Así, indica que as labores auxiliares e non procesuais as pode realizar tamén persoal administrativo do seu despacho, ou que as labores de coordinación se levarán a cabo preferentemente por correo electrónico. Sen embargo, a puntuación se lle outorga por propoñer unha xuntanza mensual informativa coa Asesoría Xurídica para a levanza dos asuntos. Corresponde outorgar **1 punto**

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asexur@vigo.org



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 25/01/2016 14:49

Páxina 9 de 12

Expediente 9408/111

Código de verificación: 2EEA3-28EA5-E8CED-DD53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



neste apartado.

Total: 3 puntos.

Jose Amenedo Martínez (Lote 2)

Presenta un documento dun folio. En canto aos medios técnicos a maiores dos descritos na cláusula 24.2 PCAP non se facilita ningunha información sobre o paquete informático de xestión do despacho, sendo imposible coñecer as características deste software. Manifesta tamén dispoñer de “varios equipos informáticos”, pero sen concretar o seu número nin características. Razóns que xustifican a puntuación de **cero** neste apartado valorable ata 4 puntos.

En canto ao Plan de traballo, non inclúe neste documento presentado ningunha mención específica ao mesmo. Non facilita, nin enuncia sequer unha metodoloxía, programación ou sistemática. Só se informa a maiores do esixido nos pregos, daqueles aspectos que resultan obrigatorios para o exercicio da profesión, e que polo tanto, tampouco son valorables, da constancia dun Oficial habilitado no seu despacho, cuestión común a outros licitadores, e que ao non desenvolverse a súa relevancia en relación ao plan de traballo, non se pode valorar. Resulta improcedente puntuar igualmente este apartado, valorable ata 6 puntos. Procede outorgar **cero puntos** neste apartado.

Total: 0 puntos.

Ana González-Moro Méndez (Lote 2)

Esta profesional presenta unha oferta en papel, composta por 5 follas, asinada e que supón unha transcripción literal do prego de prescricións técnicas.

a) No apartado valorable con ata 4 puntos, de medios técnicos adicionais aos mínimos, a licitadora indica que dispón de computadores de sobremesa e de portátiles, pero sen facilitar nin características dos mesmos nin un número de unidades. Tampouco detalla aspectos relevantes -e puntuables- do programa de xestión xurídica de Procuradores, do que afirma dispoñer no despacho profesional. De xeito que neste apartado correspóndenlle **cero puntos**.

b) En canto ao Plan de traballo, resulta imposible valorar o que é a reprodución íntegra e literal do punto II do PPT. Non se expón nin mínimamente a metodoloxía de coordinación cos servizos xurídicos do Concello de Vigo. Corresponden **cero puntos**.

Total: 0 puntos.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 25/01/2016 14:49

Páxina 10 de 12

Expediente 9408/111

Código de verificación: 2EEA3-28EA5-E8CED-DD53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Asesoría Xurídica

Lote 3

Silvia Barreiro Teijeiro (Lote 3)

Presenta a súa oferta en formato físico, e un disco de datos baleiro no momento de redactar este informe de valoración -segundo indicación do equipo OT 2578 do Concello de Vigo-. Sen embargo, ao non resultar obrigatoria a súa presentación nos dous formatos, aténdese á oferta que se atopa en papel e asinada pola licitadora.

a) O apartado relativo aos medios materiais non é posible valoralo, nin outorgar puntuación segundo os pregos. Primeiramente porque semella que se está reproducindo o que son os medios mínimos a adscribir ao contrato, cunha redacción idéntica á do PPT e PCAP. En segundo lugar, porque non se especifica nin é deducible que estes medios se oferten a maiores dos mínimos. E en terceiro lugar, porque non se detallan as características dos medios técnicos. Polo tanto, correspóndelle a este apartado **cero puntos**.

b) Maior coherencia presenta o Plan de traballo, no que se informa dunha ampla dispoñibilidade para a recepción de documentos e encargos -en horario de tarde ata as 19:00 horas inclusive-. Se ofrece unha dixitalización practicamente completa da xestión do despacho en relación ás necesidades do Concello de Vigo (con copias de seguridade semanais dos documentos), e unha programación na recepción e envío dos escritos por vía telemática, o que permite controlar mellor os prazos e un contacto telefónico previo ao envío de asuntos para aqueles de especial relevancia. Recolle na súa oferta que tódolos venres se leva a cabo un control de axenda e prazos, o que permite dispoñer dunha referencia temporal en canto á organización do propio despacho. O Lote ao que se presenta esta Procuradora é o 3, e, como se encarga de lembrar na súa oferta, case cinguido á representación perante o Tribunal Supremo. Non obstante, tamén indica que de ser o caso, o seguimento dos asuntos perante o partido xudicial de Madrid serían obxecto do mesmo seguimento exhaustivo e ordinario que resulta esixible, segundo os pregos. Esta puntualización resulta apreciable, posto que se ben este lote se licita case exclusivamente pola competencia do Tribunal Supremo, á realidade é que perante a Audiencia Nacional tamén se comparece e defende a actuación municipal, o que tamén resulta axustado ás esixencias dos pregos sobre o control de asuntos en xeral por parte dos procuradores que resulten adxudicatarios deste Acordo marco. A este apartado correspóndelle unha valoración global de **3 puntos**.

Total: 3 puntos.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 25/01/2016 14:49

Páxina 11 de 12

Expediente 9408/111

Código de verificación: 2EEA3-28EA5-E8CED-DD53B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



De seguido se relacionan en cadros-resumo por lotes as puntuacións:

Lote 1	Paula Llordén	Ramón Cornejo	M. Jesús Nogueira	Jesús González	Pablo Acosta	Maria Santiago	M. Dolores Doldán	Ricardo Estévez
Total	5	4	4	3	3	0	0	0

Lote 2	Juan Lage	J. Antonio Garrido	Begoña Millán	Miguel Pardo	J. Antonio Castro	José Amenedo	Ana González
Total	exclusión	8	7	6	3	0	0

Lote 2	Silvia Barreiro
Total	3

Proponse á Mesa de contratación a exclusión do licitador don Juan Lage Fernández-Cervera polas razóns expostas anteriormente (art. 22.1 b) R.D. 817/2009), e a valoración das ofertas da proposta técnica deste procedemento conforme ao recollido neste informe (art. 22.1 e) R.D. 817/2009).

(sinatura dixital)

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org

